



AXUDA PARA A PÁXINA DE ESTACIÓNS

1. Términos

- **Estación favorita:** Estación para a que se mostrarán os datos meteorolóxicos cada vez que consulte a páxina de estacións. Esta estación estará sinalada con unha “estrela” ★

2. Como buscar unha estación?

Hai 2 opcións: buscar por provincia e concello ou ben, buscar a estación no mapa.

➔ Como buscar unha estación por provincia e concello?

Na parte dereita da páxina aparece o apartado “Buscar estacións” donde primeiro debe seleccionar a provincia e posteriormente o concello (*Figura 1*). Unha vez seleccionados estes parámetros, o usuario pode ver na parte inferior deste apartado o listado de estacións que se encontran nun radio aproximado de 30km desde o centro do concello. As estacións ordenanse pola proximidade ao concello. No listado poden aparecer algunhas estacións que non pertencen ao concello seleccionado pero que se encontran no radio próximo ao concello seleccionado.

Encima de cada nome da estación pode pinchar para ver os datos meteorolóxicos da estación.

Buscar estacións:

Seleccione provincia:

A Coruña Lugo
 Ourense Pontevedra

Seleccione concello de A Coruña:

Abegondo ▼

Estacións na contorna de Abegondo:

▲ Mabegondo. Abegondo (CO)	+
▲ Guisamo. Bergondo (CO)	+
▲ Olas. Media (CO)	+
▲ Ordes. Ordes (CO)	+
▲ Coruña-Dique. A Coruña (CO)	+
▲ Coruña-Torre de Hércules. A Coruña (CO)	+
▲ Coruña-Bens. A Coruña (CO)	+
▲ Boimorto. Boimorto (CO)	+
▲ Punta Langosteira. Arteixo (CO)	+

Figura 1



→ Como buscar unha estación no mapa?

No centro da páxina pode ver un mapa no que están xeolocalizadas todas as estacións da rede meteorolóxica de MeteoGalicia cun triángulo en azul.

A estación seleccionada aparece no mapa ca icona: 

O mapa pode ampliarse para buscar a estación con máis precisión. O mapa tamén dispón dunha capa para delimitar no mapa os concellos de Galicia.

Pichando sobre o triángulo aparece un globo no que aparecen 2 opcións (*Figura 2*):

- “Ver estado actual” para ver os datos da estación seleccionada na páxina principal de estacións.
- “Ver últimos datos” para ver os últimos datos da estación seleccionada.

Estación Ancares. CERVANTES



Selecconar capa de concellos .

Figura 2

3. Como cambiar á miña estación favorita?

Pode cambiar a súa estación favorita premendo sobre o botón azul da estación que desexe (*Figura 3*).



Figura 3

4. Como engadir máis estacións ó listado de “As miñas estacións”?

Faga a búsqueda da estación tal e como se indica no apartado 2. No listado que resulta da búsqueda, pulse no botón (ver figura 1) para engadir a estación na sección “As miñas estacións”.

A estación engadida pode eliminala premendo no botón que aparece á dereita do nome da estación (ver figura 4).

Pode engadir ata 5 estacións na sección “As miñas estacións”. Estas estacións aparecerán sempre que consulte a páxina de estacións e proporcionaranlle un acceso directo a súa información.




Figura 4